

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, referida á concreción dos requisitos e conceptos que definen as probas na especialidade de orientación educativa nas oposicións 2016.**

A inicios da segunda semana de xaneiro tivo lugar a Mesa Sectorial de Educación e nela a Consellería de Educación presentou aos membros da Mesa o borrador da Orde,

*pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Na mesma Orde figura o detalle sobre a natureza das probas en canto a criterios, requisitos, temarios e procedementos. No entanto, nese borrador non quedaron clarificados eses aspectos no que se refire á proba na especialidade de orientación educativa. Son moitas as persoas que fixeron chegar a AGE a súa preocupación ante o que é unha redacción confusa e, de forma paradoxal, desorientadora. Non será preciso lembrar que estas probas representan un horizonte de futuro para centos de persoas e que a redacción non pode ofrecer ningún tipo de confusión e ser garantista desde todos os puntos de vista: xurídico-legal, conceptual, procedimental, etc.

No punto 11.5 fálase da segunda proba na especialidade de Orientación Educativa, onde se indica que se estrutura en dúas partes, A e B. A **parte A** di que as persoas opositoras deberán presentar e defender “un plan anual do departamento de orientación dun centro” e que debe conter tres subprogramas: o de orientación sobre o proceso de ensino-aprendizaxe; o de madurez vocacional e orientación profesional; o da atención á diversidade. Xunto a estes tres subprogramas debe conter dito Plan as “bases de acción titorial no centro educativo”. E especificase que “en cada subprograma deberán reflectirse: análise de necesidades, obxectivos, accións prioritarias, temporalización, accións a desenvolver, metodoloxía, criterios de avaliación e recursos a empregar”.

Pola súa banda, a **parte B** consistirá na “preparación e exposición oral diante do tribunal dun **plan de actuación específico** relacionado co plan anual de departamento presentado polo persoal aspirante, ou elaborado a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá ao chou **un subprograma dos contidos no plan anual do departamento para a elaboración do plan específico**”.

Son varios os problemas xerais que ofrece a redacción desta segunda proba na especialidade de Orientación Educativa. As persoas, tanto discentes como docentes, que nos fixeron chegar a súa preocupación, piden que se clarifiquen: a) a exacta natureza do contido dos sub-programas, tendo en conta que o primeiro e o terceiro comparten moitos dos seus aspectos e, sobre todo, b) as enormes dúbidas sobre a natureza exacta do chamado Plan de Actuación Específico da parte B.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Pode concretar que entende a consellería de educación por Plan de Actuación Específico? Que criterios e requisitos debe seguir dito Plan para que as persoas aspirantes podan preparar de forma axeitada dita parte da segunda proba?
- 2) Ten pensado a Consellería ofrecer unha versión definitiva moito máis garantista para as persoas que opositan e clarificar todas as dúbidas que a redacción actual deixa no tocante a conceptos, procedementos, criterios, requisitos, estruturación, etcétera?



En Compostela, a 15 de febreiro de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 12:03:27**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 12:03:34**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 12:03:39**

**Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 12:03:42**

**Anton Sánchez García na data 15/02/2016 12:03:46**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 12:03:48**